

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Bases prazas arquitecto/a OEP 2018

ANUNCIO

BASES QUE REXERÁN OS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS DAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de maio de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

BASES DA CONVOCATORIA DE TRES PRAZAS DE ARQUITECTO (A1)

1. NORMAS XERAIS

1.1. OBXECTO E FASES DO PROCESO SELECTIVO

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de tres prazas de arquitecto (A1), polo procedemento de concurso-oposición, que figuran incluídas na oferta pública de emprego correspondente ao ano 2018 con adscrición ao Servizo de Asistencia Técnica a Concellos.

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e outra fase de concurso.

1.2- REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

1.2.1. Nacionalidade

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

1.2.2. Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

1.2.3. Titulación: arquitecto/a ou grao universitario en arquitectura máis o master que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto (mínimo de 360 créditos ECTS: 300 no grao e 60 no master) ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.2.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.5. Habilitación: non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, ter acceso ao emprego público.

1.3. Solicitudes

1.3.1. Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación provincial. As instancias dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1.3.2. De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en lingua castelán deberán facelo constar na instancia.

1.3.3. Os/as aspirantes que teñan condición legal de minusválidos con grao igual ou superior ao 33 por cento, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade dos aspirantes/as con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

1.3.4. A instancia, que se presentará por duplicado, acompañarase de:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación de estranxeiro.

b) Xustificante de pago dos dereitos de exame.

c) Para a valoración da fase de concurso, como requisito necesario, os aspirantes deberán achegar un índice que, resumindo a experiencia profesional e formación alegadas, exprese de forma ordenada a puntuación total e as parciais de cada sección e apartado, sumando as que consten individualizadas para cada mérito, segundo os criterios destas Bases. O referido índice precederá ao conxunto de documentos xustificativos que resultan necesarios.

Aqueles aspirantes aprobados definitivamente deberán presentar, de ser o caso, os documentos orixinais no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fixeron públicas as listaxes correspondentes á súa identificación.

1.4. Admisión de aspirantes

1.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo dun mes declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

A citada resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Palacio provincial.

1.4.2. Os erros de feito poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá para os efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1.4.3. Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora de comezo do exercicio.

A data de publicación iniciará o cómputo do prazo para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

1.5. Tribunais cualificadores

1.5.1. O Tribunal designarase de conformidade co estipulado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

a) Un presidente, que será un funcionario designado polo presidente da Corporación.

b) Tres vocais, funcionarios designados polo presidente da Corporación.

c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non poderá desempeñarse esta en representación ou pola conta de ninguén.

1.5.2. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das dispostas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou realízen tarefas de preparación a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incursos nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/15, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma lei.

1.5.3. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

1.5.4. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

1.5.5. O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

1.5.6. O Tribunal que actúe nesta proba selectiva terá a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

1.6. Desenvolvemento dos exercicios

1.6.1. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, resultando excluído da oposición quen non compareza, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo Tribunal.

1.6.2. A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios efectuaráos o Tribunal no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal).

1.7. Cualificación dos exercicios da fase de oposición

1.7.1. Os sistemas de cualificación das distintas probas selectivas da fase de oposición concréntanse nas bases da presente convocatoria e serán aplicados, cando así sexa posible, garantindo o anonimato dos aspirantes que son avaliados.

No exercicio tipo test, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas, incluídas as de reserva, co fin de que os/as interesados/as poidan presentar, no seu caso e durante o prazo de 3 días, reclamacións.

No suposto en que se anule por parte do Tribunal algunha/as das preguntas formuladas no citado exercicio, de oficio ou con base nas referidas reclamacións, publicarase igualmente o seu acordo ao respecto no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación, substituíndo correlativamente a/as preguntas anulada/as polas que figuren de reserva, así como a correspondente resposta válida.

1.7.2. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación.

1.8. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

1.8.1. Concluídas as probas o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación, non podendo exceder estes o número de prazas convocadas e elevará a devandita relación á Presidencia da Corporación, quen efectuará o nomeamento.

Non obstante, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos por orde de puntuación na superación de todos os exercicios, co obxecto do posible nomeamento do/s mellor valorado/s como funcionario/s de carreira. Así mesmo, esta relación tamén poderá ser utilizada como bolsa de traballo.

1.8.2. No prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe da súa identificación, os opositores aprobados deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación os seguintes documentos:

a) Título ou testemuña notarial do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.

b) Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo facultativo de medicina de familia do Sergas ou similar que corresponda aos interesados.

Os aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con minusvalía na instancia, deberán presentar tamén a certificación á que se fai referencia na base 1.3.3 que acredite tal condición, e igualmente deberán presentar certificado, expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, no prazo sinalado na base anterior.

1.8.3. Ante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

1.8.4. Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública de quen dependesen para acreditar tal condición.

1.8.5. No caso de tratarse de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán, ademais, a documentación esixida polo Real Decreto 543/2001, de 18 de maio.

1.8.6. Os que dentro do prazo indicado e excepto casos de forza maior non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade na súa instancia.

1.8.7. Cumpridos os requisitos procedentes, o presidente da Corporación efectuará o nomeamento dos aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP

1.9. Dereitos de exame

Grupo A, subgrupo A1: 32,10 euros

2. CONTIDO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O sistema de selección para adxudicar estas prazas é o de concurso-oposición, valorando a fase de concurso antes de realizar a de oposición. As prazas corresponderán aos aspirantes coa maiores cualificacións entre as puntuacións finais determinadas pola suma das resultantes nas 2 fases, cumprindo a condición de que na fase de oposición obteñan unha puntuación igual ou superior a 15 puntos.

No caso de que 2 ou máis aspirantes resultasen coa mesma puntuación total desfarase o empate en función das puntuacións obtidas na fase de oposición, atendendo en primeira instancia ás do terceiro exercicio e, de persistir o empate, considerando sucesivamente as do segundo e primeiro exercicio.

2.1. FASE DE CONCURSO

Esta fase non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

A consideración deses méritos estará orientada a valorar a idoneidade da carreira profesional desenvolvida polas persoas candidatas para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas. Con este obxecto mediranse tanto as capacidades que demostra a experiencia acumulada en postos de traballo da Administración Pública como as aptitudes derivadas da súa formación especializada.

O Tribunal terá en conta a coherencia da documentación presentada con respecto aos méritos que se deben valorar.

Valorarase ata un máximo de 16 puntos, segundo o seguinte baremo:

A) Experiencia na Administración Pública

A experiencia profesional a valorar será a adquirida en postos de arquitecto das Administracións Públicas.

A súa acreditación realizarase mediante certificado da Secretaría ou órgano administrativo correspondente. Así mesmo, achegarase certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

Concederase máis mérito ao maior tempo traballado, en exercicio das facultades propias da súa especialidade, sen valorarse a docencia.

Con base no anterior, a experiencia acreditada valorarase ata un máximo de 9 puntos, conforme o seguinte criterio de puntuación:

- 0,30 puntos por cada mes ou fracción de servizos prestados.

Na prestación de servizos a tempo parcial, debido ás condicións da praza ou por redución de xornada, ratearase a puntuación de forma proporcionada ao total de horas de traballo da xornada oficial.

B) Formación

Só se avaliarán os cursos impartidos ou recibidos das Administracións Públicas ou de Colexios profesionais e outras entidades sempre que estén homologados pola Administración, debidamente acreditados mediante o título ou certificación oficial correspondente, cuxo contido estea relacionado co exercicio das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria, así como os de coñecemento da lingua galega.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración. Así mesmo, non se avaliarán os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Os cursos de formación acreditados valoraranse ata un máximo de 7,00 puntos, aplicando o seguinte baremo:

- Cursos de formación directamente relacionados coas funcións das prazas:

· Cursos de diplomado técnico urbanista do IEAL/INAP, superior de técnico de urbanismo da EGAP ou outros desta especialidade de análoga entidade.

Valoración única por un ou máis cursos 4,00 puntos

· Outros cursos, ata un máximo de 3,00 puntos:

Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos por curso

Cursos de máis de 70 a 100 horas: 0,75 puntos por curso

Cursos de máis de 40 a 70 horas: 0,50 puntos por curso

Cursos de 15 a 40 horas: 0,25 puntos por curso

Cursos de menos de 15 horas: 0,10 puntos por curso

- Cursos relativos ao coñecemento da lingua galega:

Título de linguaxe administrativa superior: 0,35 puntos

Título de linguaxe administrativa media: 0,30 puntos

Celga 5: 0,25 puntos

No caso de estar en posesión de distintos niveis na mesma titulación, valorarase unicamente o rango mais alto desa formación.

2.2. FASE DE OPOSICIÓN

Constará de 4 exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Estas probas rexeranse pola normativa que se cita no programa contido no anexo desta convocatoria que estea vixente na data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A cualificación final da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos 3 primeiros exercicios e deberá ser igual ou maior de 15 puntos, obtendo un mínimo de 5 en cada un deles, para que se poida considerar superada esta fase.

Primeiro exercicio

A realización do exercicio consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 2 horas, dun cuestionario elaborado polo Tribunal inmediatamente antes do comezo da proba sobre as materias do programa que figura no anexo desta convocatoria. O referido cuestionario consistirá nun test de 100 preguntas, ás que se engadirán 5 de reserva, con 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

Para a realización deste exercicio os aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

Nos supostos en que, por causa de errónea formulación, deba anularse algunha das preguntas, o Tribunal procederá a súa substitución pola que corresponda da lista de reserva, seguindo unha orde correlativa.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, adxudicando a cada resposta correcta unha puntuación de 0,10 puntos. No caso de anulación de máis de 5 preguntas ratearase a puntuación total, de forma equitativa, entre as restantes que se consideren válidas. As respostas en branco non puntuarán, por cada 2 respostas incorrectas descontarase a puntuación dunha 1 correcta e non se penalizarán aquelas erróneas que puidesen ficar restantes.

Para superar esta proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 que se asignan como máximo.

Segundo exercicio

Este exercicio consistirá en resolver por escrito, nun tempo máximo de 2 horas e utilizando un espazo limitado para a exposición, 10 preguntas curtas sobre as materias da parte específica do programa que figura no anexo desta convocatoria.

Para a realización deste exercicio os aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, a razón de 1 punto como máximo para cada resposta dada a cada unha das preguntas formuladas.

Na valoración terase en conta a orde e claridade estrutural da exposición, o apropiado fundamento legal que se utilice e a capacidade para relacionar as distintas disposicións aplicables; así como se considerará, especialmente, a precisión e síntese das respostas achegadas.

Para superar esta proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 asignados como máximo.

Terceiro exercicio

Consistirá en resolver por escrito, nun tempo máximo de 4 horas, un ou varios supostos prácticos relacionados coas materias do programa que figura no anexo desta convocatoria, sobre os que se formularán varias cuestións diferentes que estarán centradas basicamente na súa parte específica.

Para a súa realización non se poderán utilizar medios dixitais nin telemáticos (salvo calculadora científica estándar), nin calquera outro distinto de textos normativos ou xurisprudencia de publicación oficial en formato papel e instrumental de debuxo.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, repartidos equitativamente entre todas as cuestións formuladas.

Na valoración terase en conta a orde e claridade estrutural da exposición gráfica e escrita, a correcta identificación dos feitos presentados, o apropiado fundamento legal que se utilice, a capacidade para relacionar as distintas disposicións aplicables e a lóxica da alegación razoada; así como se considerará, especialmente, a precisión e síntese das conclusións achegadas.

Para superar a proba resultará necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre os 10 que se asignan como máximo.

Cuarto exercicio

De carácter obrigatorio para todos os/as aspirantes, excepto aqueles que teñan acreditado o curso de perfeccionamento ou CELGA 4 de galego, os/as cales estarán exentos de realizar o exercicio,

Consistirá na tradución nun tempo máximo dunha hora dun texto de castelán a galego e doutro de galego a castelán, a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

ANEXO: TEMARIO

PARTE XERAL

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma.

Tema 3.- A organización territorial do Estado na Constitución. Ideas xerais da administración central, autonómica e local.

Tema 4.- O réxime local español. Clases de entidades locais.

Tema 5.- O municipio. Territorio e poboación. Organización municipal. Competencias dos municipios.

Tema 6.- A provincia. Organización provincial. Competencias das provincias.

Tema 7.- A cooperación local. Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

Tema 8.- A asistencia xurídica, económica e técnica aos municipios.

Tema 9.- Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen varios municipios. As áreas metropolitanas.

Tema 10.- A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 11.- Os bens das entidades locais.

Tema 12.- O orzamento das corporacións locais. Elaboración, aprobación e execución.

Tema 13.- A Facenda Pública e Administración Tributaria. A Facenda Local. Recursos. Impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 14.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre procedemento administrativo común das Administracións públicas. O acto administrativo. Concepto e clases. Notificación e publicación.

Tema 15.- O procedemento administrativo. Iniciación, ordenación, instrución e terminación. O silencio administrativo.

Tema 16.- Os recursos administrativos. Concepto e clases. Requirimentos xerais. Materia impugnables, lexitimación e órgano competente.

Tema 17.- A función pública local. O persoal ao servizo da Administración local. Funcionarios propios das entidades locais.

Tema 18.- A igualdade de xénero na administración pública. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.- O marco legal do urbanismo en España. Evolución histórica. Lexislación urbanística estatal e autonómica precedente. Competencias. As sentenzas STC 61/1997, STC 164/2001, STC 141/2014 e STC 143/2017 do Tribunal Constitucional.

Tema 2.- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Tema 3.- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Tema 4.- Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril. Lei 9/2010, do 30 de xullo, de augas de Galicia.

Tema 5.- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro. Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral.

Tema 6.- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español. Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Tema 7.- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas. Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Tema 8.- Lexislación sobre portos, turismo, industria, comercio, comunicacións, cemiterios e demais normativa sectorial.

Tema 9.- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Tema 10.- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT/2011).

Tema 11.- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral (POL/2011).

Tema 12.- Os plans e proxectos sectoriais. Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Tema 13.- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (LSRU/2015).

Tema 14.- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Disposicións xerais e modificacións.

Tema 15.- Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Lei 2/2017 en relación con medidas provisionais de ordenación urbanística.

Tema 16.- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016).

Tema 17.- Os estatutos básicos da cidadanía, da iniciativa privada e participación na actividade urbanística e da propiedade do solo. Situacións básicas do solo.

Tema 18.- Os réximes do solo urbano consolidado e de núcleo rural.

Tema 19.- Os réximes do solo urbano non consolidado e urbanizable.

Tema 20.- O réxime do solo rústico.

Tema 21.- As normas de aplicación directa.

Tema 22.- As normas de sustentabilidade dos plans. Límites de intensidade.

Tema 23.- As normas de calidade dos plans. Reservas de solo para dotacións públicas. Reservas de vivenda de protección pública.

Tema 24.- Os instrumentos de planeamento urbanístico. Planeamento xeral e de desenvolvemento. Normas técnicas de planeamento.

Tema 25.- As disposicións comúns na elaboración do planeamento. Competencias para a redacción e aprobación. Preparación, formación, vixencia, alteración e efectos do planeamento. Suspensión de licenzas.

Tema 26.- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia; complementado por Resolución da CMAOT do 06.08.2018. (PBA/2018). Plans básicos municipais.

Tema 27.- O plan xeral de ordenación municipal. Determinacións xerais, delimitación de ámbitos, conexións e previsión de sistemas xerais.

Tema 28.- As determinacións do plan xeral nas diferentes clases de solo.

Tema 29.- A documentación e contido do plan xeral.

Tema 30.- O procedemento de aprobación do plan xeral de ordenación municipal. Ordenación urbanística supramunicipal.

Tema 31.- A avaliación ambiental estratéxica e avaliación de impacto ou incidencia ambiental. Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia.

Tema 32.- O planeamento de desenvolvemento dos plans xerais. Disposicións comúns.

Tema 33.- Os plans parciais e o plans especiais. Tipoloxía, determinacións, documentación e procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 34.- Outras figuras de planeamento: delimitacións do solo de núcleo rural, estudos de detalle, catálogos e recoñecementos de treitos urbanos nas estradas.

Tema 35.- A execución de planeamento. Réxime xurídico. Procedementos comúns e normas civís. Presupostos de execución. Instrumentos de xestión urbanística.

Tema 36.- Os distritos, sectores e unidades de actuación. Áreas de repartición e aproveitamento tipo.

Tema 37.- Os polígonos de execución de planeamento.

Tema 38.- As actuacións sistemáticas e illadas para a execución do planeamento.

Tema 39.- A obtención de terreos para sistemas xerais e locais.

Tema 40.- Os proxectos de urbanización. Execución e conservación das obras de urbanización.

Tema 41.- As operacións de reorganización da propiedade no solo urbano consolidado e no solo de núcleo rural.

Tema 42.- Os sistemas de actuación directa e indirecta. Disposicións xerais.

Tema 43.- O sistema de cooperación. Sistema de expropiación. Sistema de concerto. Sistema de compensación.

Tema 44.- Os proxectos de compensación. Regras xerais para a equidistribución. Xuntas de compensación.

Tema 45.- Os convenios urbanísticos de planeamento e de execución do planeamento. Entidades urbanísticas colaboradoras.

Tema 46.- A intervención na edificación e uso de solo. Licenzas urbanísticas.

Tema 47.- As parcelacións urbanísticas. Divisións de terreos no solo rústico.

Tema 48.- A redacción de proxectos e dirección de obras. Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

Tema 49.- As comunicacións previas e as declaracións responsables. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Tema 50.- As obras destinadas ao desenvolvemento de actividades. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Tema 51.- As licenzas de primeira ocupación. Edificios fóra de ordenación ou incompatibles coa ordenación. Declaracións de obra nova terminadas ou en construción.

Tema 52.- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Real decreto 2816/1982, do 27 de outubro, do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Tema 53.- A inspección e disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Tema 54.- A intervención no mercado inmobiliario. O Rexistro de Soares. Venda e substitución forzosa. Patrimonios públicos do solo. Dereito de superficie. Fomento da edificación, conservación e rehabilitación.

Tema 55.- O deber de conservación. Informe de avaliación de edificios. Execución forzosa e vía de constrinximento. Ordes de execución. Declaración de ruína.

Tema 56.- Valoracións. Real decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo.

Tema 57.- Expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial. O proxecto de expropiación. Indemnización das facultades urbanísticas.

Tema 58.- Os réximes transitorios do texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (LSRU/2015) e da Lei do solo de Galicia (LSG 2/2016).

Tema 59.- Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14.03.2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE). Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.

Tema 60.- As infraestruturas de datos espaciais de España (IDEE), de Galicia (IDEG) e da provincia da Coruña (ideAC). Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Tema 61.- A enquisa de infraestruturas e equipamentos locais (EIEL). Natureza, obxecto e contidos. Consignación e validación de datos. Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ás inversións das entidades locais. Inventarios de bens municipais.

Tema 62.- Os sistemas de información sobre solo, urbanismo e edificación. Rexistro de Planeamento Urbanístico, Plataforma Urbanística Dixital e Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia.

Tema 63.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público. Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a L 30/2007 (derrogada), en todo o que non se opoñan á L 9/2017. Formación dos contratos de obras e de servizos. Pregos tipo da Deputación da Coruña. Supervisión de proxectos e execución de obras. Metodoloxía Building Information Modelling (BIM).

Tema 64.- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías. A certificación de eficiencia enerxética. Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación enerxética dos edificios e Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 65.- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e normativa estatal concorrente. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde VIV 561/2010, do 1 de febreiro, polo que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Tema 66.- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Tema 67.- A normativa de habitabilidade. Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Tema 68.- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia.

Tema 69.- Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación (CTE). Disposicións xerais. Esixencias básicas e documentos básicos do CTE: DBSE, DBSI, DBSU, DBHS, DBHR e DBHE. Reais decretos 513/2017 e 2267/2004 en materia de incendios. Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído. Reais decretos 212/2002, 1513/2005 e 1367/2007. Normativa básica de instalacións na edificación

Tema 70.- As medidas preventivas de protección ambiental na construción. Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Reais decretos 105/2008 e 180/2015. Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Decreto 174/2005, do 9 de xuño.

Tema 71.- As medidas preventivas de seguridade e saúde na construción e outras actividades laborais. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Reais decretos 39/1997, 485/1997, 486/1997, 773/1997, 1215/1997, 1627/1997, 1254/1999, 614/2001 e 393/2007.

Tema 72.- As medidas preventivas de control de calidade na construción. Decreto 232/1993, do 30 de setembro, sobre o control da calidade na edificación de Galicia. Pregos de prescricións técnicas.

A Coruña, 3 de xuño de 2019

O deputado

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

Antonio Leira Piñeiro

O secretario

José Luis Almu Supervia

2019/4425